



MEMORIA ECONÓMICA E DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, E O CONCELLO DE MONTERREI PARA O MANTENIMENTO DA REDE DE CALOR DE BIOMASA DA ALDEA DE INFESTA (MONTERREI) EXECTUADA NO MARCO DO PROXECTO POCTEP ALDEALIX.

CNV25-17

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

O artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, dispón que é *"a axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na propia lei"*.

De conformidade co artigo 8 da Lei 11/2021 antes citada, *"a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á consellaría competente en materia de medio rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente"*.

No marco do seu ámbito competencial a Axencia desenvolve estratexias e proxectos que procuran un impacto directo e positivo no rural galego, como a mellora das infraestruturas, a creación de emprego e a dinamización do tecido produtivo local. O impulso do aproveitamento racional dos recursos naturais, como a biomasa forestal, encaixa coa aposta pola sustentabilidade e a transición enerxética, xerando enerxía limpa, reducindo o risco de incendios e promovendo a autosuficiencia das comunidades locais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é o beneficiario principal do proxecto ALDEALIX, aprobado polo Programa de Cooperación Transfronteiriza INTERREG VI-A España – Portugal (POCTEP), no que participa como beneficiario o Concello de Monterrei. Este proxecto ten como finalidade impulsar o uso da biomasa no modelo produtivo mediante comunidades enerxéticas no rural de Galicia e o Norte de Portugal.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, entre outras actuacións, ten executado no marco do proxecto ADEALIX a construción da rede de calor de biomasa localizada na aldea de Infesta (Monterrei) para subministrar enerxía térmica aos veciños da aldea que voluntariamente manifestaron o seu interese. A dita infraestrutura é financiada con fondos FEDER no marco do POCTEP e debe destinarse a fins de interese público conforme aos





principios de durabilidade, trazabilidade e non obtención de ingresos indebidos establecidos pola normativa comunitaria.

A titularidade da infraestrutura construída corresponde á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que velará polo cumprimento dos obxectivos do proxecto e da súa conservación.

O Concello de Monterrei manifesta a súa disposición a colaborar mediante a asunción de tarefas de mantemento ordinario e xestión operativa de dita infraestrutura, para garantir o seu funcionamento e utilidade pública.

En consecuencia, é necesario tramitar un convenio co fin de establecer as condicións polas que se rexerá o mantemento da infraestrutura denominada "Rede de calor de biomasa de Infesta", construída no marco do proxecto POCTEP ALDEALIX asumindo o Concello de Monterrei o mantemento da infraestrutura conforme ás condicións estipuladas neste convenio.

Este Convenio non conleva dotación orzamentaria. Na tramitación administrativa deste expediente incorporárase o seguinte informe:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Axencia, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral en virtude do apartado primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Axencia do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
M^a Paz Rodríguez Rivera

